

AS REVOLUCIÓN LIBERAIS E O NACIONALISMO

1. Antecedentes.

2. A época da Restauración.

3. O ciclo revolucionario do s.XIX.

4. O Nacionalismo.

5. Arte da época revolucionaria.

6. Glosario: Santa Alianza, Congreso de Viena, Revolución, Constitución, Sociedade de clases, Liberalismo, Nacionalismo

1. ANTECEDENTES.

1.1. As revolucións do século XVIII

- Antes de entender as revolucións que tiveron lugar no século XIX, é preciso recordar os **grandes acontecementos do século XVIII**:
 - **A independencia de Estados Unidos (1776-1783)**: as **trece colonias británicas** en América rebeláronse contra **Inglaterra** proclamando a **primeira independencia** da Idade Contemporánea. Crearon a **primeira Constitución escrita** (1787) e convertéronse nun exemplo de **liberalismo político** levado á práctica.
 - **A revolución francesa (1789-1799)**: marcou o **fin do Antigo Réxime en Francia** proclamando os principios de **liberdade, igualdade e fraternidade**. Con esta revolución, **a monarquía absoluta deu paso a novas formas de goberno** (monarquía constitucional, república ou ditadura con Napoleón).

PRINCIPIOS DO LIBERALISMO



- Dereitos e liberdades individuais (liberdade de opinión e de relixión).
- Liberdade de mercado sen a intervención económica do Estado.
- Propiedade individual, garantida e protexida pola lei.
- Igualdade xurídica de todas as persoas ante a lei eliminando calquera privilexio.
- Participación política dos cidadáns no goberno mediante eleccións (dereito a voto ou sufraxio).
- Soberanía nacional: a soberanía reside na nación, formada polo conxunto de cidadáns que viven nun país.
- Separación de poderes.
- Existencia dunha Constitución.

1.2. Cambios revolucionarios

Cambios políticos

O obxectivo das revolucións era rematar co absolutismo e implantar un sistema político liberal (baseado na soberanía nacional e na separación de poderes).

O impacto das revolucións de EE.UU. e Francia será tal, que a Revolución Francesa marcará a fin da Idade Moderna e o inicio da Idade Contemporánea.



Cambios económicos

Comeza a I Revolución Industrial, o que supón o fin da economía rural e agraria e o inicio da economía industrial e urbana.



Cambios sociais

Desaparece a sociedade estamental e aparece a sociedade de clases.

Agora a posición social baséase na valía e no mérito persoal, que se miden pola riqueza, polo que a burguesía pasará a converterse no grupo social predominante



2. A ÉPOCA DA RESTAURACIÓN.

2.1. Contexto

- Tras máis de **vinete anos de guerras revolucionarias e napoleónicas**, Europa estaba esgotada.
- Os **reis** que foran expulsados durante os procesos revolucionarios pugnaban por volver ao poder e as **potencias vencedoras de Napoleón (Austria, Prusia, Rusia e Reino Unido)** deciden reunirse en **Viena** para **restaurar o Antigo Réxime**.
- Deste modo, os **acordos do Congreso de Viena** baseáronse en tres grandes principios:
 - **Lexitimidade:** devolveron o trono aos reis destronados por Napoleón (exemplo: Luís XVIII en Francia).
 - **Equilibrio entre potencias:** Reino Unido, Prusia, Austria e Rusia organizaron as fronteiras de Europa e repartíronse diferentes territorios tentando evitar que un país volvese dominar aos demais.
 - **Intervención:** se nalgún país estalaba unha revolución liberal ou nacionalista, as grandes potencias tiñan o dereito a intervir militarmente para restaurar a lei.



2.2. Europa tras o Congreso de Viena

- **Francia** foi a principal damnificada, pois as súas fronteiras volveron á situación anterior á Revolución.
- **Alemaña:** creouse a Confederación Xermánica, controlada por Austria e Prusia.
- **O Imperio austríaco:** amplía o seu territorio e pasa a controlar zonas do norte de Italia.
- **Bélxica e Holanda:** uníronse no Reino dos **Países Baixos** para formar un Estado forte no norte.

- O **Imperio ruso**, co Zar á cabeza, ampliou o seu poder na Europa Oriental.



2.3. A Santa Alianza

- No Congreso de Viena, o **Zar de Rusia propuxo a creación da Santa Alianza**, un pacto entre as potencias vencedoras para reprimir posibles ameazas liberais ou alzamentos de carácter nacionalista.
- En setembro de 1815, o Zar de **Rusia** Alexandre I, o emperador de **Austria** Francisco I e o rei de **Prusia** Federico Guillermo **asinaron o pacto** da Santa Alianza, converténdoo nun **sistema de represión para liberais e nacionalistas en Europa**.
- **As ideas liberais e nacionalistas foron refreadas, pero non eliminadas**: sobreviviron en sociedades secretas como os liberais españois.

3. O CICLO REVOLUCIONARIO DO S.XIX.

Aínda que o triunfo da Restauración do Antigo Réxime parecía ser definitivo, as ideas da Revolución francesa xeraron, ao longo da primeira metade do século XIX, diferentes ondas revolucionarias por case toda Europa.



3.1. A onda revolucionaria de 1820

- Tivo lugar no **sur de Europa**, onde pequenos grupos burgueses crearon diferentes **sociedades secretas** (masóns).
- A través de **golpes de Estado** ou **pronunciamentos militares**, intentaron volver instaurar os principios liberais derivados da Revolución francesa.
- Destaca o caso de **España** co **Pronunciamento de Riego**, que obrigou ao rei Fernando VII a xurar a Constitución de Cádiz de 1812. Non obstante, a intervención da **Santa Alianza** puxo fin a esta etapa de 3 anos.
- Houbo outros estalidos revolucionarios en **Portugal, Piemonte e Cerdeña**, etc., pero soamente triunfaron as ideas nacionalistas na **Revolución grega** (1821), pola que conseguiron a súa **independencia do Imperio Otomano**.



3.2. A onda revolucionaria de 1830

- A onda de 1830 centrouse no **norte de Europa**, principalmente en **Francia**, aínda que se expandiu por **Bélxica, Polonia, Sajonia e Italia**.
- Estes estalidos revolucionarios contaron con **moito máis apoio popular**.
- En **Francia**, París encheuse de barricadas e o molestar popular obrigou ao monarca a



abdicar. Porén, ante o medo a unha intervención da Santa Alianza, os liberais franceses instauraron unha **nova monarquía, esta vez constitucional**.

- Destaca tamén o caso de **Bélxica**, que en 1830 logrou a súa **independencia dos Países Baixos**.

3.3. A onda revolucionaria de 1848

- En **1845** Europa sufriu unha **grave recesión económica** e unha **crise alimenticia**, o que provocou o estalido dunha nova onda revolucionaria en case toda Europa.
- Estas revolucións supuxeron, entre outras cousas, a **aparición de ideais democráticos** (igualdade social, soberanía popular e sufraxio universal) e o **xurdimento dos primeiros movementos de traballadores**.
- En **Francia** proclámase a **II República** coa que se aproban numerosos cambios democráticos (liberdade de prensa, abolición da pena de morte, sufraxio universal masculino). Non obstante **o seu éxito foi efémero**, pois en poucos anos tornou no II Imperio francés.



3.4. Balance das ondas revolucionarias

- **Balance positivo:** foron consolidando algúns ideais revolucionarios o que permitiu a expansión dos réximes constitucionais por Europa (aínda que moderados).
- A **burguesía** foi a gran triunfadora, mais cando acadaron o poder tornáronse conservadores e defensores da orde, polo que os grupos populares continuarán excluídos da política e do poder.
- Os **grupos populares** son os grandes derrotados, pero tomarán conciencia de clase e comezarán a organizarse (**Movemento Obreiro**) fronte á burguesía.
- Importancia especial das revolucións de 1848, xa que implicaron a **emerxencia dos nacionalismos** dando pé a **unificacións nacionais** como as de **Italia e Alemaña**.

4. O NACIONALISMO.

4.1. Os primeiros movementos nacionalistas:

- No **Congreso de Viena** os grandes imperios absolutistas reorganizaron as fronteiras europeas no seu favor.
- Nos acordos tomados nestas reunións, **non se tivo en conta a identidade nacional de**

diferentes pobos, polo que todo isto derivou nunhas revolucións liberais que tiñan un claro compoñente de **reivindicación nacionalista**.

- Así, os primeiros nacionalismos xurdiron no século XIX baseándose na idea de que **cada pobo considérase a si mesmo como unha nación e debe ter dereito a crear un Estado independente**.




Que entendemos por nación?

Unha nación é un conxunto de persoas que teñen en común unha cultura, unha historia compartida, unha mesma lingua e o desexo de constituírse nun Estado independente.

O concepto de nación supón un risco para os grandes Imperios europeos!

4.2. Tipos de nacionalismo

- Durante o século XIX déronse **dous tipos de nacionalismo** en Europa:



- **Nacionalismo de separación ou centrífugo:** Estados que loitaron pola súa **independencia contra os grandes imperios europeos**. O exemplo máis claro é o de **Grecia**:

- Grecia formaba parte do **Imperio Otomano** dende o século XIV, pero en **1821** alzáronse contra este poder e declararon a súa **independencia**.
- A insurrección grega foi apoiada por **Reino Unido, Rusia e Francia**, polo que o Imperio Otomano recoñeceu a independencia de Grecia en **1829**.



- **Nacionalismo de unión ou centrípeto:** Estados que trataron de **unirse para crear un Estado máis grande**. Son Estados que, aínda que separados, tiveron unha **historia, lingua e identidade** común e únense para a construción dun Estado máis forte e poderoso. Os exemplos máis importantes foron **Italia en 1870 e Alemaña en 1871**.

4.3. A unificación alemá

- No **Congreso de Viena** créase a **Confederación Xermánica**, conformada por **39 estados independentes**, entre os que destacaban **Prusia e Austria**.
- A pesar desta fragmentación, entre os alemáns existía unha **forte conciencia de nación propia**, polo que xa en **1834** danse os **primeiros pasos** para a unificación coa firma dunha **unión aduaneira** que facilitase os intercambios comerciais entre os estados.
- Non obstante, será en 1861 cando **Guillermo I** acceda ao trono de **Prusia** e nomee ao seu chanceler **Otto von Bismarck**, cando realmente se inicie o proceso, xa que



xuntos desenvolveron unha **agresiva política expansionista**.

- Co obxectivo de unificar o territorio, Prusia emprendeu **tres guerras vitoriosas**:
 - En **1864**, tras a morte do rei de Dinamarca, **Austria e Prusia** alíansen para reclamar militarmente territorios daneses habitados por alemáns. Deste modo anexionaron os ducados de **Schleswig** (Prusia) e **Holstein** (Imperio austríaco).
 - Dous anos máis tarde, en **1866**, debido á **crecente tensión entre ambos países**, estalou a **guerra austro-prusiana**. Prusia vence e anexiona novos territorios. Disólvese a Confederación Xermánica e créase a **Confederación Alemá do Norte** baixo dominio prusiano.
 - Por último, en **1870**, estala un novo conflito, esta vez contra **Francia** para anexionarse os territorios franceses de **Alsacia e Lorena**, nos que parte da poboación falaba un dialecto alemán. Esta rexión converteuse nun foco de tensión permanente entre os dous estados.
- En **1871** **Guillermo I** unifica todos os estados alemáns e proclámase **Káiser** (emperador), dando comezo ao **II Reich** (Imperio).



4.4. A unificación italiana

- A inicios do século XIX Italia estaba dividida en **7 Estados**: **Reino de Cerdeña**, **Reino de Lombardía-Véneto**, **Reino das dúas Sicilias**, **Estados Pontificios** e os **Ducados de Parma, Módena e Toscana**.
- Estes territorios estaban controlados polo Imperio austríaco ao norte, no centro o Papado e no sur pola dinastía dos Borbóns.
- Neste contexto, xurde un movemento coñecido como **II Risorgimento**, que reivindicaba el pasado romano para xustificar a unificación.
- Foi un movemento político e social liderado polo reino de **Piemonte e Cerceña**, xa que o seu rei **Vítor Manuel II**, era o único que pertencía a unha dinastía italiana (**Saboia**). Neste proceso, tivo especial importancia o seu primeiro ministro **Cavour**.



- O proceso de unificación pasou por varias **fases**.

1859

Vítor Manuel II alíase con Francia e xuntos decláran a guerra a Austria. Tras a súa vitoria, anexionan a Lombardía.




Cavour
(Primeiro ministro)

Cavour asina unha alianza co Reino de Prusia e, tras a guerra austro-prusiana, coa derrota de Austria expulsan ao imperio do Véneto.

1866

Vítor Manuel II
(rei de Piemonte-Cerdeña)



1870

Por último, tivo lugar a incorporación de Roma a Italia. O Papa contaba coa protección de Francia, polo que se mantiña independente. Non obstante, en 1870, coa guerra franco-prusiana, Francia tivo que recuperar as súas tropas o que permitiu a conquista de Roma e a súa incorporación ao Reino de Italia.

Os ducados de Parma, Módena e a Toscana, vendo o avance do reino de Piemonte e Cerdeña, deciden por plebiscito a súa anexión ao futuro estado italiano.

1860

Nese mesmo ano, no Reino das Dúas Sicilias ten lugar unha revolución liderada por Garibaldi e os seus *camisas vermellas* que remata coa anexión do territorio.



5. ARTE DA ÉPOCA REVOLUCIONARIA.

5.1. Contexto

- Tras o **retorno da monarquía absoluta** coa **Restauración** europea, as sociedades reaccionan por medio das **revolucións liberais**.
- Estes feitos propiciaron a **aparición de dous estilos artísticos**: o **Romanticismo** e o **Realismo**.
- Ambos estilos terán un **marcado carácter social** e deixarán de lado a arte elitista e das clases altas.
- Tanto o Romanticismo como o Realismo baséanse na **liberdade creadora**, na **fuxida do academicismo** e das normas estritas.

5.2. Características do Romanticismo

ROMANTICISMO

Nas pinturas plásmanse os ideais das revolucións burguesas da época, especialmente a aspiración á liberdade individual.

Espírito revolucionario e crítico

Liberdade creativa

Os artistas rompen coas normas académicas e buscan expresar a súa visión persoal do mundo.

EMOCIÓN

Exáltanse as emocións intensas como o amor, a melancolía, a angustia existencial e a euforia.

Natureza

A natureza deixa de ser un simple escenario e convértese nun reflexo dos estados de ánimo do artista.

INICIOS S.XIX



5.3. Características do Realismo

REALISMO

Pode tratarse calquera tema, mesturar estilos e experimentar con novas formas.

Liberdade creativa e ausencia de normas

DENUNCIA social

Os artistas reflicten os problemas do seu tempo: pobreza, inxustizas, desigualdades sociais, etc.

NON idealizan

A diferenza do Romanticismo, que esaxeraba as emocións, no Realismo amósase a vida sen adornos nin idealizacións.

1840-1870

Os artistas convértese en testemuñas da sociedade da súa época (campesíños, traballando o campo, obreiros en fábricas, etc.).

Representación da REALIDADE

Buscan representar a realidade tal e como é, sen embelecela.



